

PUBLICACIÓN

Asunto: Aprobación prezos públicos Campamento de Verán Rianxo 2024 (2024/D004/000021)

A Xunta de Goberno do Concello de Rianxo, en sesión celebrada o día 16.05.2024, acordou a aprobación de prezos públicos para o Campamento de Verán Rianxo 2024, tal e como se indica a continuación:

1. Aprobar as seguintes cotas de matrícula, tendo en conta os períodos de inscrición e as diversas circunstancias familiares:

Período	Datas	Prezo
Cota normal		
Campamento completo	do 24 de xuño ao 30 de agosto	120 euros
Campamento bloque 1 xullo	do 24 de xuño ao 31 de xullo	75 euros
Campamento bloque 2 agosto	do 1 ao 30 de agosto	60 euros
Cota para 2 irmáns inscritos (cota por participante)		
Campamento completo	do 24 de xuño ao 30 de agosto	110 euros
Campamento bloque 1 xullo	do 24 de xuño ao 31 de xullo	70 euros
Campamento bloque 2 agosto	do 1 ao 30 de agosto	55 euros
Cota para 3 ou máis irmáns inscritos, familias numerosas ou familias monoparentais (cota por participante)		
Campamento completo	do 24 de xuño ao 30 de agosto	100 euros
Campamento bloque 1 xullo	do 24 de xuño ao 31 de xullo	65 euros
Campamento bloque 2 agosto	do 1 ao 30 de agosto	50 euros

2. Establecese a gratuidade de 12 prazas para aquelas familias derivadas do departamento dos Servizos Sociais do Concello de Rianxo.
3. As condicións para a xestión recadadora do evento serán as que establece a normativa municipal sobre prezos públicos; en todo caso, o ingreso do prezo público polo usuario realizarase con carta de pago emitida pola Recadación municipal a partir dos datos emitidos polo departamento xestor unha vez pechado o período de pre-inscrición, e en todo caso sometidas ao criterio da Tesourería municipal.
4. Débese publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento e efectos.

Rianxo, luns 20 de maio de 2024.

O alcalde Julián Bustelo Abuín